



Colegio Oficial de
Enfermería de A Coruña



Colegio Oficial de
Enfermería de Lugo



Colegio Oficial de
Enfermería de Ourense



Colegio Oficial de
Enfermería de Pontevedra



Estimada/o colexiada/o,

Fai unha semana informábase de que os colexios oficiais de enfermería de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e AGEFEC (Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria) viñan de solicitar unha reunión co conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, para tratar de solucionar de maneira conxunta as irregularidades percibidas no programa XIDE (Xestión Integral da Demanda en Equipo) da Atención Primaria.

Pois ben, cando a cita xa estaba concertada para o vindeiro 18 de abril, as organizacións colexiais de enfermería de Galicia e AGEFEC coñeceron na mañá do venres que, malia solicitar expresamente a paralización de calquera avance na implantación do XIDE ata que se celebre a reunión co conselleiro, fíxose caso omiso á nosa petición ao poñerse en marcha nos centros de saúde de As Pontes e Pontedeume da área sanitaria de Ferrol, e Virxe Peregrina, A Parda, Lárez, Bueu, Cambados, Vilanova de Arousa y Vilagarcía de Arousa, da área sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

A nosa vontade conciliadora obtivo como resposta unha nova traición do conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, a todas as enfermeiras de Galicia. Asumimos, con grande pesar pola nosa parte, que o noso ofrecemento de traballar de forma conxunta para tentar atopar solucións acordes aos intereses de todas as partes foi rexeitado.

O XIDE representaba unha oportunidade única para dotar de máis calidade á nosa Atención Primaria, mais estamos ante un novo fracaso de xestión, instaurando un modelo de ordenación da demanda sen as necesarias pilotaxes, protocolos e consenso

de todas as partes. O XIDE, lamentablemente, no estado no que se está a instituír, máis que un logro é un novo flaxelo á calidade da Atención Primaria e, por conseguinte, á seguridade do paciente.

Estamos ante un novo maltrato á profesión enfermeira, e os colexios profesionais e asociacións de enfermería non podemos permitilo, pois a nosa función é protexer ás enfermeiras e garantir unhas condicións de traballo dignas, como tamén o é defender sempre a seguridade de todos os cidadáns.